



*Concello de Ponteareas
(Pontevedra)*

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEAREAS
E A EMPRESA ANDREA CASTRO BERNÁRDEZ - “ENREDOS ANIMACIÓN”
PARA O SERVIZO DA AULA MATINAL EN CENTROS DE ENSINO DO
CONCELLO DE PONTEAREAS.**

Ponteareas, 1 de agosto de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, Dona M. Cristina Fernández Davila, con DNI 36.082.682-Y, como concelleira de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior do Concello de Ponteareas e doutra parte, Dona Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”), con N.I.F. 34.874.786-R.

EXPOÑEN

Que a Empresa “Enredos Animación”, desenvolverá o Proxecto de Aula Matinal que figura como anexo a este Convenio, nos Centros seguintes:

- CEIP “Nosa Sra. Dos Remedios”
- CEIP “Fermín Bouza Brey”
- CEIP “Mestre Ramiro Sabell Mosquera”

Todos eles situados no casco urbano de Ponteareas.

Si despois da sinatura deste Convenio, algún outro Centro Escolar do Concello quixese sumarse a este proxecto, engadiríase mediante un Anexo a este documento.

Que o Concello de Ponteareas ten interese en promover o programa antedito durante o curso escolar 2016/17, sendo posible a súa prórroga mediante comunicación cunha antelación de cando menos un mes antes de rematar o curso, e como máximo durante catro, para o cal ámbalas dúas partes acordan o presente convenio con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Programa de Aula Matinal é un programa educativo e de conciliación da vida familiar e laboral, promovido polo Concello de Ponteareas e dirixido ao alumnado de Educación Infantil e Primaria dos Centros Educativos do Concello de Ponteareas. Dito programa non é un servizo que presta o Concello senón que se trata dun servizo que os pais e nais do alumnado contratan directamente coa empresa Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”), tendo o Concello soamente a función de velar pola súa correcta prestación e intermediar na disposición dos locais.

A remesa de recibos correspondentes ao Servizo, serán polo importe que figura no Proxecto presentado e que se engade como Anexo a este Convenio, e enviados ao banco pola empresa Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”) nos primeiros 5 días de cada mes en que se presta o servizo.

SEGUNDA.- O Concello de Ponteareas xestionará a través dos Consellos Escolares dos Centros a cesión das instalacións necesarias en cada centro educativo, e porá estas a disposición da empresa Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”), a fin de poder desenvolver as actividades establecidas no proxecto.

TERCEIRA.- O horario de funcionamento do servizo irá dende as 7.30 horas ata o comenzo das clases ordinarias en cada centro escolar.

CUARTA.- O Concello de Ponteareas, a través da Concellería de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior, fará un seguimento trimestral do funcionamento e calidade do servizo, a través de enquisas ou entrevistas aos pais e nais, ou calquera outro método que se considere oportuno. Terase en consideración tamén as suxerencias e opinións das Direccións dos centros escolares onde se desenvolve o Proxecto. Esta valoración do bo funcionamento do servizo, servirá para seguir vinculados a este Convenio. En caso contrario, despois das advertencias necesarias por escrito por parte do Concello de Ponteareas á empresa Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”), podería quedar anulado, logo da comunicación cun mes de antelación, o presente convenio.

QUINTA.- A Aula Matinal contará polo menos cos seguintes servizos:

- Recollida do alumnado nas horas establecidas de entrega.
- Actividades lúdicas e de lecer durante o tempo de custodia, facéndolles un especial seguimento aos neno/as de menor idade, ou con dificultades, que serán acompañado/as ata a clase correspondente.
- Os monitores deixarán recollido o local ou espazos cedidos para a realización de actividades complementarias.

SEXTA.- A petición de admisión realizarase cubrindo o impreso que se facilitará no centro educativo ou ben nas oficinas municipais, e procederase a súa entrega no lugar e prazo que se especifique no devandito impreso. Pasado o prazo poderán presentarse novas solicitudes sempre que haxa prazas dispoñibles.

O número de prazas dispoñibles farase público no momento da apertura do prazo de inscrición.

SÉPTIMA.- A Aula Matinal e o centro escolar reservan para sí o dereito de admisión e exclusión temporal ou definitiva do alumnado que se comporte de forma incorrecta, logo da audiencia aos pais/nais ou quen teña a titoría dos menores.

OITAVA.- Os usuarios/as do servizo deberán notificar calquer problema de saúde que repercuta no funcionamento normal do servizo, no momento de deixar o neno/a na Aula Matinal. Non poderán asistir os usuarios/as con febre ou enfermidades contaxiosas.

NOVENA.- A empresa Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”) deberá presentar no Concello a seguinte documentación:

- Póliza de seguro de Responsabilidade Civil.
- Póliza de seguro de Accidentes.
- Copia do Contrato de traballo e das altas na Seguridade Social do/as traballadore/as contratados para levar a cabo o Servizo.

DÉCIMA.- A empresa Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”) comprométese a manter unha reunión trimestral cos pais e nais e co representante da Concellería de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior do Concello. A primeira terá lugar antes do inicio do curso. Nestas reunión, os pais, nais ou titores legais do alumnado poderán facer as suxestións que consideren oportunas para mellorar o Servizo. Igualmente, poderán presentalas por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas en calquera momento.

Calquera pai ou nai poderá solicitar unha reunión para cuestións puntuais coa representante da empresa Andrea Castro Bernárdez (“Enredos Animación”) a través da/s monitora/s da Aula Matinal, que deberá ser atendida á maior brevidade posible.

UNDÉCIMA.- Este convenio poderá ser modificado polo Concello de Ponteareas, para adaptalo ás necesidades que se detecten durante a posta en marcha do Servizo, previa comunicación e aceptación da empresa “Enredos Animación”.

DUODÉCIMA.- Calquera pedimento, suxestión, reclamación, etc. que sexa notificada por escrito á Empresa “Enredos Animación”, deberá ser contestada pola mesma, igualmente por escrito nun prazo de 5 días hábiles, así como facer as xestións oportunas coa maior dilixencia para solventar o problema que exista.

Non sendo outro o obxecto deste convenio, e en proba de conformidade, asinan os señore/as intervintes o presente convenio.

A CONCELLEIRA

M. Cristina Fernández Davila

A REPRESENTANTE DE
“ENREDOS ANIMACIÓN”

Andrea Castro Bernárdez